

## Concurso de MEMES sobre a lírica medieval galaico-portuguesa

### Presentación

O EDLG programa a realización do 1º Concurso de MEMES sobre a lírica medieval galaico-portuguesa, destinado ao alumnado de 1º BACH, 3º de ESO E FB Básica do noso centro, que actualmente está vendo estes contidos na materia de Lingua galega.

### Obxectivos

- Incidir na temática trobadoresca
- Aprender realizando actividades lúdicas
- Empregar a retransca e o humor para a realización dunha ilustración humorística

### Bases

- Poderá participar todo o alumnado de 3º ESO , FB Básica 1º BACH do IES A Sangriña
- Poderase enviar un meme por persoa
- As propostas enviaranse ao correo electrónico do equipo da EDLG: [asangrinha.edlg@gmail.com](mailto:asangrinha.edlg@gmail.com)
- Para participar no concurso os memes poderán ser:

a. Memes actuais con temática medieval trobadoresca <https://www.iloveimg.com/es/crear-meme>

b. Memes medievais:

i. Podemos empregar ilustracións das cantigas: <https://bit.ly/3avkqwW>

ii. Podemos empregar memes medievais:

<https://www.laguiadelvaron.com/humor/memesrediseñados-como-medievales/>

c. Podemos ver exemplos en: <https://es-es.facebook.com/pages/category/Interest/Galician-Portuguese-Medieval-Poetry-MEMES-610109052666833/>

### Xurado

O xurado estará composto por profesorado pertencente ao equipo de EDLG e valorarase:

- Calidade dos memes recibidos
- A retransca e o dobre sentido
- A adecuación á temática medieval

### Prazo de entrega

O prazo de entrega remata o día 15 de febreiro de 2021

### Premios

Haberá por categoría un 1º e 2º premio e recibirán de agasallo un libro cun pergameo.